

RESOLUCIÓN

Expdte. 657/406

En data 29.08.2022 esta Vicepresidencia ditou Resolución relativa o listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos no concurso libre para estabilización de emprego temporal e ingreso nunha praza de Auxiliar Administrativo, pertenciente á escala de Administración Xeral, subescala Auxiliar, grupo C, subgrupo C2, da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo reservada a persoas con discapacidade intelectual, incurso nos supostos das Disposicións adicionais Sexta e Oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro; a Resolución foi publicada no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Vigo en data 29.08.2022 o fin de que no prazo dos dez días seguintes o de su publicación (ata o día 12.09.2022) se presentaran polos interesados as reclamacións e/ou se subsanaran polos aspirantes excluídos as deficiencias sinaladas.

A Base Cuarta 3. do proceso selectivo advirte que na Resolución na que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos constará a composición do Tribunal e o lugar, data e hora da súa constitución para a valoración dos méritos. En virtude do exposto e examinado o informe xurídico de data 29.08.2022 que consta no Expediente en relación coas reclamacións presentadas resolvo,

PRIMEIRO. Aprobar o listado definitivo de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo.

SEGUNDO. Declarar admitidas no proceso selectivo ás seguintes persoas:

APELIDOS E NOME	DNI
AVENDAÑO PAREDES NOELA	***3741**
CARIDE RABADE SARA	***9300**
COSTA PRIETO BEATRIZ	***2109**
GONZÁLEZ CAL GUILLERMO	***5022**
MALINGRE GAJINO CARLOTA	***0200**
MAS ÁLVAREZ JEAN CRISTIAN	***7448**
TAMAME BLANCO M ^a TERESA	***9282**
VAAMONDE MIRAZ ALFONSO	***5539**
VIJANDE CEA ANA MARÍA	***6927**

TERCEIRO. Declarar excluídas no proceso selectivo ás seguintes persoas:

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
GÓMEZ CID CAROLINA	***7789**	O certificado do grao de discapacidade achegado non acredita que o Código 00000857 que menciona se corresponda cunha discapacidade psíquica ou intelectual.
GONZÁLEZ VEGA M ^a TERESA	***8433**	O certificado do grao de discapacidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2022 14:05	Páxina 1 de 3
657-406	CSV: ACA8B3-48B7E2-5687E2-K88S7K-FQMN43-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

		achegado non acredita que o grao de minusvalía se corresponda cunha minusvalía psíquica ou intelectual.
--	--	---

CUARTO. Incluir a D^a Teresa González Veiga na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo de concurso-oposición convocado para estabilización de emprego temporal e ingreso en dous prazas de Auxiliar Administrativo, pertencentes á escala de Administración Xeral, subescala Auxiliar, grupo C, subgrupo C2, da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (Expdte. 659/406).

QUINTO. O Tribunal cualificador integrárase por cinco membros segundo a seguinte composición:

Presidente

D^a. Beatriz Rodríguez Yáñez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo. Suplente. D^a Lorena López Rodríguez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Vogais

D^a Teresa Rivas Rodríguez, Administrativa de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo; D. David González Collazo Administrativo de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo; D^a Aurora Corbacho Quintela, Administrativa de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo. Suplentes. D^a Isabel García Mendiña, Administrativa de Administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo; D^a. Purificación Vega Rubio, Administrativa de Administración Xeral; D. Beatriz Barros Alfaro Administrativa de Administración Xeral.

Secretario

D. José Riesgo Boluda. Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo. Suplente, D^a. Susana Gallardo Fariña. Secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo.

O réxime xurídico aplicable o Tribunal axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro. O Tribunal poderá acordar que os membros titulares e suplentes actúen indistintamente.

QUINTO. O Tribunal cualificador constituirase para a valoración dos méritos achegados na sede da Xerencia Municipal de Urbanismo o 14 de novembro ás 10.00 horas.

SEXTO. Publicar a presente Resolución no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Vigo e proceder a súa notificación aos funcionarios nomeados.

Contra a presente Resolución poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante esta Vicepresidencia no prazo do mes seguinte o día da súa publicación ou recurso contencioso administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo conforme o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. No caso de interpoñer recurso de reposición non poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se haxa producido a desestimación presunta do mesmo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2022 14:05	Páxina 2 de 3
657-406	CSV: ACA8B3-48B7E2-5687E2-K88S7K-FQMN43-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo
María José Caride Estévez

Ante mín, o secretario da XMU
José Riesgo Boluda

Data e sinaturas dixitais

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2022 14:05	Páxina 3 de 3
657-406	CSV: ACA8B3-48B7E2-5687E2-K88S7K-FQMN43-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		